

## **MANIFESTO INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ORGULLO LGTBIQ+ 2022. COMPOSTELA CIDADE DIVERSA.**

Como todos os 28 de xuño, desde 1969, volvemos ondear a bandeira corada que representa a reivindicación, a dignidade, a igualdade, a xustiza social, a supervivencia, a liberdade, e a construción dun futuro diverso e solidario. Pero non basta con vela e con celebrala. O importante é que a levemos no corazón.

O Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ ademais de ser un día de celebración, é un día de reivindicación.

Un día para loitar pola igualdade, a mesma igualdade pola que se loitou hai máis de 50 anos en Nova York, cando un grupo de persoas do colectivo colocaron as primeiras pedras para converter en liberdade a represión que sufrían simplemente por seren gays, lesbianas ou transexuais. No caso galego, hai décadas en que se produciron manifestacións históricas, entre as que destaca a que tivo lugar na cidade de Vigo en 1981.

O Día do Orgullo ou Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+ tamén é un día para o recordo. Para lembrar a todas aquelas persoas ausentes que perderon inxustamente o dereito a viviren a súa identidade e sexualidade con dignidade. Aquelas que foron reprimidas, perseguidas, detidas e encadeadas a unha vida de silencio e rexeitamento. Todas elas, a comezar por Samuel, asasinado hai un ano no noso país, están presentes na nosa memoria, para lembrarnos que a igualdade é un dereito, igual que a autodeterminación de xénero. E para recordarnos que aínda hoxe, existen países nos que non podemos amar en liberdade, nos que a homosexualidade, a bisexualidade e a transexualidade son un delito.

Hoxe unímonos a esa reivindicación universal do 28 de xuño, para que ese pasado escuro, ese tempo gris, se transforme para sempre nun presente e futuro de cores, no que poidamos ser nós mism@s e amar e liberdade.

Por iso continuamos con esta loita común, con esta tarefa de educar na diversidade para construír un futuro en igualdade.

E nesta tarefa, sumamos a nosa voz e as nosas forzas para seguir avanzando cara a ese horizonte no que ningunha persoa poida ser discriminada nin pola súa orientación sexual, nin pola súa identidade ou expresión de xénero, nin pola súa pertenza a unha familia diversa, nin por outros motivos como etnia, idade, orixe, capacidades...

Os dereitos fundamentais e a dignidade de cada persoa deben ser os eixos centrais da nosa sociedade e das nosas políticas.

Estamos traballando, e debemos seguir facéndoo por un mundo de absoluto respecto, liberdade e igualdade. Durante estes últimos meses, o Goberno mostrou o seu firme compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBIQ+ mediante a adopción de distintas medidas. Entre elas a creación, por primeira vez na historia do noso país, dunha Dirección Xeral de Diversidade Sexual e Dereitos LGTBIQ+, a constitución, tamén por primeira vez, do Consello de Participación das Persoas LGTBIQ+, coa finalidade de institucionalizar a colaboración e fortalecer o diálogo permanente entre as Administracións Públicas e a sociedade civil en materias relacionadas coa igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBIQ+; ou o impulso dun paquete normativo para promover a igualdade real e efectiva das persoas trans e a non discriminación por motivos de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero ou características sexuais.

Tamén en marzo do ano pasado, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución contundente onde se declara que a Unión Europea é zona de liberdade para as persoas LGTBI e que non se tolerará a retórica perigosa e discriminatoria que impide que millóns de cidadáns e cidadás vivan libremente.

Santiago, e sentímonos moi orgullosos diso, tamén é unha cidade de liberdade para as persoas LGTBIQ, e libre de LGTBIQfobia. A moción conxunta aprobámola todos os grupos da Corporación Municipal, en xullo do ano pasado. Foi un gran paso para que Compostela, sexa, agora e no futuro, unha cidade libre e igualitaria.

Pero, desde as institucións, debemos seguir avanzando e asegurar a igualdade efectiva de todas as persoas LGTBI e das súas familias, como elemento esencial dunha boa convivencia para o progreso e o desenvolvemento social.

É a nosa obriga. Igual que frear os discursos de odio, que desde hai algún tempo vimos escoitado, facendo de muro para concienciar a sociedade para que todas as persoas sen importar a súa identidade ou orientación sexual poidan exercer, sen medo e con respecto, todas as facultades e dereitos que lles corresponden como cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Neste camiño, do que aínda queda por percorrer un longo treito, os concellos, os gobernos locais, somos e debemos ser axentes indispensables na protección dos dereitos e das liberdades de toda a cidadanía, priorizando a defensa dos dereitos humanos e enmarcando a súa acción na transparencia e o diálogo cos colectivos e asociacións LGBTIQ+.

Por iso:

- Adherímonos, na súa totalidade, á Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI da FEMP, a Federación Española de Municipios e provincias
- Manifestamos o noso compromiso co principio da universalidade dos dereitos humanos e rexeitamos calquera apelación a valores ideolóxicos, culturais, tradicionais e relixiosos para xustificar calquera tipo de discriminación.
- Condenamos calquera forma de violencia e discriminación contra gais, lesbianas, bisexuais, transexuais, intersexuais e demais membros do colectivo LGBTIQ+
- Manifestamos a nosa preocupación ante o aumento do discurso de odio e violencia por orientación sexual ou identidade de xénero.
- Celebramos os avances logrados estes anos nos dereitos das persoas trans, coma a aprobación no día de onte da “Lei Trans”. Continuamos a reivindicar que se garantan os seus dereitos e a despatoloxización das persoas trans tanto no Estado como en Galicia.
- Recoñecemos o traballo das asociacións, colectivos e activistas LGBTIQ+ e apoiamos todas as súas accións encamiñadas á defensa da igualdade e á loita contra a discriminación das persoas LGBTIQ.
- Os grupos políticos representados na corporación local que subscriben este manifesto, acordan iniciar con urxencia a posta en marcha dun Centro LGTBI na nosa cidade.
- Instamos á Xunta de Galicia a desenvolver o marco normativo da lei 2/2014 e a aprobar unha lei integran trans galega.

Afirmamos que non son posibles políticas de igualdade sen os concellos e reivindicamos a necesidade de dotar as Entidades Locais de financiamento suficiente para levar a cabo as competencias nesta materia que nos permitan asegurar a implementación adecuada de todas as iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas.



Convidamos á toda a cidadanía a sumarse a esta celebración e reivindicación da diversidade e a liberdade. A esta homenaxe a todas as persoas que loitaron e ás que seguen loitando para acadar unha sociedade máis xusta, máis igual, máis diversa, máis igualitaria e máis respectuosa cos dereitos humanos.

En Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022